

Informe da enquisa ao estudantado que accede a ADE no curso 2025-26

1. Datos xerais
2. Perfil do estudantado
3. Nivel académico de entrada
4. Perfil estudantado con nota de entrada igual ou menor a 8
5. Conclusións

1. DATOS XERAIS

- A enquisa foi contestada por 151 estudantes.
- O 94.0% do estudantado accedeu ao grao a través da PAU, mentres que a porcentaxe dos que acceden a través de Ciclos Superiores é do 4.6%.
- O 41.7% do estudantado que accede á titulación de ADE son mulleres, fronte ao 58.3% de homes.

Táboa 1. Estudantado ADE que accede á titulación segundo procedencia

TOTALS	Acceso			Preferencia	
	PAU	CICLO	OUTROS	1ª PREFERENCIA	OUTRA
151	142	7	2	125	25
	94.0%	4.6%	1.3%	83.3%	16.7%

2. PERFIL DO ESTUDANTADO

➤ Preferencia pola titulación

- Dos/as estudantes que accederon ao grao de ADE, o 83.3% indican que esta era a súa primeira preferencia, mentres que un 12.6% a escolleron coma 2ª opción.
- No relativo ao tipo de acceso, o 16.9% do estudantado procedente da PAU non escolleu ADE coma primeira opción.

Táboa 2. Estudantado ADE segundo procedencia e preferencia de estudos

PAU		FP		Outro	
1ª preferencia		1ª preferencia		1ª preferencia	
Si	Non	Si	Non	Si	Non
83.1%	16.9%	85.7%	14.3%	100%	-

- Se diferenciamos por sexo, a porcentaxe de alumnos que entran no grao en 1ª preferencia é superior entre as mulleres.

Táboa 3. Estudantado ADE segundo a preferencia de estudos e sexo

	Mulleres	Homes	Total
1ª pref.	87.3%	80.5%	83.3%
2ª pref. ou máis	12.7%	19.5%	16.7%

- En relación aos motivos polos que se escolle a titulación de ADE como 1ª opción, podemos apreciar como a vocación, é dicir, interese xeral polo ámbito da empresa, e unhas mellores perspectivas para o ámbito laboral supoñen conxuntamente o 80.0%. Por outra banda, é interesante considerar o caso do pragmatismo (13.6%), en especial para as mulleres e que poucos estudantes entraron na titulación porque a súa nota non lle permitira acceder a outra titulación

Táboa 4. Estudiantado ADE 1ª preferencia segundo o motivo da escolla

Motivo da escolla	Total (%)	Muller (%)	Home (%)
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	61.6	63.6	60.0
Ten unha mellor e maior saída laboral	18.4	16.4	20.0
Pragmatismo, non tiña ningunha vocación clara	13.6	14.5	12.9
Outros motivos	2.4		4.3
Influencia do meu entorno	3.2	3.6	2.9
A nota acadada non permite acceder a outra titulación	0.8	1.8	
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>

➤ Modalidade Bacharelato

- O 77.2% do estudantado enquisado de ADE procede do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, mentres que a porcentaxe dos que cursaron o de Ciencias e Tecnoloxía é do 18.1%. No caso do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais a porcentaxe de mulleres case 10 puntos superior á dos homes, mentres que para o outro Bacharelato comentado a porcentaxe é superior nos homes, aproximadamente 3 puntos.
- O 85.2% do estudantado que cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais tivo ADE como primeira preferencia, algo coherente para as materias da modalidade. No caso do Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía esta porcentaxe é do 74.1%; cifra relativamente elevada.

Táboa 5. Estudiantado ADE segundo bacharelato cursado e preferencia

	Total (%)	Muller (%)	Home (%)	1ª preferencia
Ciencias e tecnoloxía	18.1	16.1	19.5	74.1
Humanidades e CC Sociais	77.2	82.3	73.6	85.2
Outros	4.7	1.6	6.9	83.3
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>83.1</i>

- O interese xeral polo ámbito da empresa (vocación) e as mellores expectativas no ámbito laboral constitúen, en xeral, os dous principais motivos para a escolla do grao de ADE, tanto daqueles/as que cursaron o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía coma daqueles/as que cursaron o de Humanidades e Ciencias Sociais e escolleron ADE como primeira opción. O pragmatismo tamén é un motivo a considerar, sobre todo naqueles que realizaron o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, representando o 25.0% en xeral e chegando a un 50.0% para as mulleres. A vocación tamén foi o principal motivo de escolla para o estudantado procedente doutros bacharelatos.

Táboa 6. Estudiantado ADE segundo bacharelato cursado e motivo de escolla (1ª preferencia)

Motivo da escolla	Total (%)			Muller (%)			Home (%)		
	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros
Vocación	55.0	63.3	60.0	37.5	69.6		66.7	57.7	60.0
Mellor e maior saída laboral	15.0	18.4	20.0	12.5	15.2		16.7	21.1	20.0
Pragmatismo	25.0	11.2	20.0	50.0	8.7		8.3	13.5	20.0
Outros motivos	5.0	2.0					8.3	3.8	20.0
Sen acceso a outra titulación		1.0			2.2				
Influencia do meu entorno		4.1			4.3			3.8	
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>-</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>

➤ Coñecementos básicos previos

- A totalidade do estudantado cursou Matemáticas no Bacharelato. É importante diferenciar entre as diferentes Matemáticas que hai segundo o Bacharelato que esteamos a considerar, pois actualmente podemos encontrar dúas modalidades: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais e Matemáticas II. Cada Bacharelato leva asociada fundamentalmente unha delas.
- Case a totalidade do estudantado procedente de Bacharelato de CC. Sociais cursou materias de Economía. Esta porcentaxe baixa para os outros bacharelatos.
- O 84.6% do estudantado cursou no Bacharelato materias de Estatística.

Táboa 7. Estudiantado ADE segundo bacharelato cursado e coñecementos básicos previos

	Economía	Estatística	Matemáticas
	Si (%)	Si (%)	Si (%)
Ciencias e tecnoloxía	22.2	81.5	100.0
Humanidades e CC Sociais	99.1	85.2	96.5
Outros	42.9	85.7	100.0
Total	82.6	84.6	97.3

➤ Outras características

- Aproximadamente o 84% do estudantado que ingresou no grao de ADE cursou o Bacharelato nun centro público. No caso das mulleres esta porcentaxe é 4 puntos superior á dos homes.

Táboa 8. Estudiantado ADE segundo tipo de centro do bacharelato

	Total (%)	Muller (%)	Home (%)
Público	83.2	85.5	81.6
Privado	16.8	14.5	18.4
Total	100.0	100.0	100.0

- No relativo ás Bolsas, o 59.1% do estudantado declara que recibiu unha bolsa de estudo ou que está á espera de recibila. Deles/as, un 28.2% está a espera de recibila o que depende do período de resolución.
- O 92.1% do estudantado indica que non está a traballar paralelamente ao curso dos seus estudos. Un 6.0% declara que traballa menos de 15 horas semanais e un 2.0% traballa máis de 15 horas semanais.
- Un 78.1% do estudantado informouse previamente sobre o título e as materias que o conforman. Deles/as, o 66.9% do estudantado informouse sobre o título na páxina web da USC, un 17.8% por amizades e familiares e un 11.9% polas charlas informativas de orientación nos centros de estudo de ensino medio.

3. NIVEL ACADÉMICO DE ENTRADA


O dato que se emprega para medir o nivel académico é a nota de acceso ao grao.

Con estes datos, a nota media de entrada ao grao de ADE é 9.94, sendo a nota máis alta de acceso un 12.80, mentres que a máis baixa é un 7.10. As notas medias foron relativamente semellantes ente homes e mulleres.

Táboa 9. Nota media de entrada do estudantado.

Muller	Home	Total
10.21	9.73	9.94

Figura 1. Distribución das notas de acceso a ADE (nº casos)




- Se temos en conta as preferencias, a nota media máis elevada atópase no grupo de estudantes que marcou a titulación de ADE como primeira preferencia, chegando ao 10.02. Por sexos, non se aprecian grandes diferenzas.

Táboa 10: Nota media segundo preferencia do alumno/a

Preferencia	Total	Muller	Home
1ª preferencia	10.02	10.29	9.81
2ª preferencia ou máis	9.54	9.79	9.41
Total	9.94	10.22	9.74

Figura 2. Distribución das notas de acceso a ADE (nº casos) segundo a orde de preferencia no acceso á titulación (1ª preferencia: Si/Non)



- Dentro do estudantado que escolleu a titulación de ADE como primeira opción a nota de acceso para aquel estudantado vocacional foi, en xeral, semellante á dos outros motivos de escolla da titulación. A nota media das mulleres é en xeral algo superior á dos homes.

Táboa 11. Nota media estudantado 1ª preferencia segundo motivo da escolla

Motivo da escolla	Total	Muller	Home
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	10.02	10.15	9.90
Ten unha mellor e maior saída laboral	9.70	10.62	9.11
Pragmatismo, non tiña ningunha vocación clara	10.36	10.54	10.20
Outros motivos	9.20		9.20
Non tiña acceso a outro título	9.89	9.89	
Influencia do meu contorno	9.90	10.05	9.76
	10.02	10.29	9.81

- Se temos en conta o bacharelato cursado, o estudantado ten notas semellantes no acceso. Unicamente algo superior no caso das mulleres.

Táboa 12. Nota media estudantado segundo tipo de bacharelato

Tipo de bacharelato	Total	Muller	Home
Ciencias e Tecnoloxía	10.16	10.22	10.11
Humanidades e CC Sociais	10.00	10.32	9.74
Outros	9.54		9.54

4. PERFIL ESTUDANTADO CON NOTA DE ENTRADA MENOR QUE 8

Soamente 7 estudantes accederon ao título con notas inferiores a 8 puntos, o que representa menos do 5% do total de persoas que responderon a enquisa. O 71.4% deles/as accede como primeira opción, fundamentalmente con vocación (42.9%), maioritariamente procedente do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais (85.7%) e de centros públicos con estudos previos de Economía, Estatística e Matemáticas. Unicamente o 42.9% ten solicitado bolsa e está pendente de resolución e o 14.3% traballa menos de 15 horas semanais.

5. A MODO DE CONCLUSIÓN

- O número de alumnos é superior ao número de alumnas (58.3%-41.7%).
- O grao de ADE foi escollido por unha ampla maioría como 1ª preferencia (83.3%); superior no caso das mulleres.
- O principal motivo de escolla da titulación é a vocación (cerca do 62% do estudantado). Tamén constitúe unha razón de peso as mellores perspectivas laborais que lles proporciona o estudo do grao (19%).
- A maioría do estudantado que accedeu á titulación (en torno ao 78%) cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, sendo maior esta incidencia no caso das mulleres.
- O estudantado entrevistado cursou materias con contidos de Matemáticas, Estatística e Economía no bacharelato, superando o 82%. Sen embargo, os contidos de Economía non son maioritariamente estudados polo estudantado procedente do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e os Outros tipos de bacharelato que non sexan o de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Unha ampla maioría cursou o Bacharelato en centros públicos (83.2%).
- A nota media de acceso ao grao de ADE foi 9.94, sendo a nota máis elevada un 12.80 e a máis baixa un 7.10. A nota media é aproximadamente medio punto superior no caso das mulleres.
- A nota media de acceso é semellante para os dous tipos maioritarios de Bacharelato cunha diferenza de medio punto en relación aos outros bacharelados.